


Área Metropolitana de Vigo

CIFRAS BÁSICAS



Territorio

Poboación

Paro rexistrado

Ocupacións

Protección social

Sector empresarial

**Recursos e parámetros
de desenvolvemento**

Apéndice estatístico



Área Metropolitana de Vigo

CIFRAS BÁSICAS

Boletín anual

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Vía Hispanidade, 17. CP. 36203
Tif: 986 42 33 66
updvigo@maiv.org
www.maiv.org/upd

Equipo redactor:
Fco. Gabriel Quintáns Ríos
Xulio Troitiño Dapena
Sonia Vila Carrizo

ABREVIATURAS E SIGNOS.....	5
FONTES.....	5
TERRITORIO	7
■ Delimitación da área de análise e características básicas da mesma	7
POBOACIÓN DA AMV.....	8
■ Poboación segundo sexo	8
■ Porcentaxe de representación da poboación dos concellos na AMV.....	9
■ Variación da poboación dos concellos da AMV	10
ESTRUTURA DA POBOACIÓN DA AMV.....	11
■ Distribución da poboación española e estranxeira segundo sexo e grandes grupos de idade	11
■ Pirámide de poboación da AMV	12
■ Indicadores da estrutura da poboación da AMV.....	13
MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN	15
■ Nacementos e defuncións segundo sexo e crecemento vexetativo da AMV	15
■ Taxas brutas de natalidade e mortalidade	16
MOVEMENTOS MIGRATORIOS.....	17
■ Emigración segundo destino.....	17
■ Inmigración segundo procedencia.....	18
■ Saldo migratorio da AMV e concellos	19
EDUCACIÓN.....	20
■ Poboación de 16 e máis anos segundo o seu nivel de estudos	20
■ Taxas de analfabetismo da poboación nacional e estranxeira	21
■ Poboación de 16 anos e máis segundo o tipo de estudos.....	22
■ Lugar de estudo da poboación.....	23
■ Ensinanza non universitaria	24
CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS	25
■ Actividade, ocupación e desemprego	25
PARO REXISTRADO	26
■ Evolución da cifra de paro rexistrado	26
■ Comparación da evolución do paro da AMV con Pontevedra e Galicia	27
■ Distribución do paro por sexo e idade.....	28
■ Evolución do paro por sexo.....	29
■ Evolución do paro por sexo e idade	30
■ Distribución porcentual do paro por sectores económicos.....	31
■ Evolución do paro por sectores económicos.....	32

OCUPACIÓNS	33
■ As 10 ocupacións máis demandadas segundo sexo	33
■ As 10 ocupacións máis contratadas segundo sexo	34
■ A contratación segundo a actividade económica e segundo o sexo	35
PROTECCIÓN SOCIAL	36
■ Renda de Integración Social de Galicia e Axuda de Emerxencia social	36
SECTOR EMPRESARIAL	37
■ Distribución e evolución do número de empresas por sectores económicos	37
■ Número de empresas por volume de empregados/as	38
RECURSOS PARA O DESENVOLVEMENTO	39
■ Oficinas de emprego, centros asociados ao SGC, técnicos/as de emprego, centros de infancia, menores e de información para mulleres e oficinas de información xuvenil	39
■ Entidades de iniciativa social	40
OUTROS PARÁMETROS DE DESENVOLVEMENTO	41
■ Índices económicos	41
ANEXO ESTATÍSTICO	
■ Mapa 1. Distribución parroquial dos concellos da AMV. Ano 2005	43
■ Táboa 1. Poboación por parroquias dos concellos da AMV segundo sexo. Ano 2005	44
■ Táboa 2. Poboación dos concellos da amv segundo sexo e grandes grupos de idade. Ano 2005	51
■ Táboa 3. Poboación con nacionalidade española dos concellos da AMV segundo sexo e grandes grupos de idade. Ano 2005	53
■ Táboa 4. Poboación con nacionalidade estranxeira dos concellos da AMV segundo sexo e grandes grupos de idade. Ano 2005	55
■ Táboa 5. Pirámides de poboación dos concellos da AMV. Ano 2005	57
■ Táboa 6. Variación absoluta e relativa da poboación dos concellos da AMV, segundo sexo. Anos 2004 e 2005.....	60
■ Táboa 7. Indicadores da estrutura da poboacion dos concellos da AMV. Ano 2005	61
■ Táboa 8. Nacementos e defuncións segundo sexo e saldo vexetativo dos concellos da AMV. Ano 2004	62
■ Táboa 9. Emigración segundo tipo e taxas de emigración dos concellos da AMV. Ano 2004.....	63
■ Táboa 10. Inmigración segundo tipo e taxas de inmigración dos concellos da AMV. Ano 2004.....	64
■ Táboa 11. Poboación de 16 e máis anos, en vivendas familiares, segundo o sexo e o nivel de estudos. Ano 2001	65
■ Táboa 12. Número de persoas e taxa de analfabetismo da poboación nacional e estranxeira, segundo sexo. Ano 2001	69
■ Táboa 13. Poboación estudante, en vivendas familiares, non ocupada, segundo sexo e o lugar de estudio. Ano 2001	70

■ Táboa 14. Poboación de 16 anos e máis, en vivendas familiares, segundo sexo e con nivel de estudos clasificable segundo tipo de estudo. Ano 2001	72
■ Táboa 15. Taxas de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da AMV. Ano 2001.....	77
■ Táboa 16. Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da area con respecto ás globais da AMV.	78
■ Táboa 17. Evolución da cifra de paro rexistrado	79
■ Táboa 18. Porcentaxe de variación da cifra de paro do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior.....	80
■ Táboa 19. Distribución do paro por sexo e idade (nº). Decembro 2005.....	81
■ Táboa 20. Distribución do paro por sexo e idade (%). Decembro 2005.....	81
■ Táboa 21. Evolución do paro por sexo.....	82
■ Táboa 22. Evolución do paro por sexo, menores de 25 anos.....	84
■ Táboa 23. Evolución do paro por sexo, 25 e máis anos	86
■ Táboa 24. Distribución do paro por sector económico (nº). Decembro 2005.....	88
■ Táboa 25. Distribución do paro por sector económico (%). Decembro 2005	88
■ Táboa 26. Evolución da cifra de paro por sector económico	89
■ Táboa 27. Porcentaxe de variación da cifra de paro por sector económico do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior	94
■ Táboa 28. Número de persoas perceptoras da RISGA e da AES.....	99
■ Táboa 29. Número de empresas por sector económico.....	100
■ Táboa 30. Porcentaxe de empresas por sector económico	101
■ Táboa 31. Número de empresas por volume de empregados/as	102
■ Táboa 32. Número de autónomos/as. Ano 2003	103
■ Táboa 33. Porcentaxe de empresas por volume de empregados/as.....	104
■ Táboa 34. Porcentaxe de autónomos/as sobre o total de empresas. Ano 2003	105
■ Táboa 35. Tipoloxía e número das asociacións. Ano 2005	106

Abreviaturas e signos

AMV: Área Metropolitana de Vigo

(Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaio e Vigo).

%: Porcentaxe

‰: Tanto por mil

Nº: Número

H: Homes

M: Mulleres

T: Total

IRPA: Índice de recambio da poboación activa

EI: Educación infantil

EP: Educación primaria

ESO: Educación secundaria obrigatoria

SISPE: Sistema de información dos servizos públicos de emprego

INEM: Instituto de Empleo. Servicio Público de Empleo Estatal

IAE: Imposto de actividades económicas

Fontes

Concellos da Área Metropolitana de Vigo

INE: Instituto Nacional de Estadística

IGE: Instituto Galego de Estatística

SGC: Servizo Galego de Colocación

INEM: Instituto de Empleo. Servicio Público de Empleo Estatal

Observatorio ocupacional. Consellería de Traballo


Os datos estatísticos deste boletín están referidos na súa meirande parte ao ano 2005, agás para aquela información na que o último dato publicado era anterior a esta data, na que se optou por ofrecer esa estatística.

Os cambios habidos na metodoloxía de obtención dos datos de paro rexistrado dende o mes de maio de 2005, pola introdución do SISPE, fixeron que no estudo da evolución anual haxa un forte aumento na cifra de paro rexistrado a partir do devandito mes.

TERRITORIO

Delimitación da área de análise e características básicas da mesma

SUPERFICIE, POBOACIÓN E DENSIDADE DEMOGRÁFICA DOS CONCELLOS DA ÁREA METROPOLITANA.
ANO 2005



A diversidade territorial da área metropolitana é unha das súas principais características. Vigo, cabeceira urbana da área, posúe unha densidade de poboación do 2.692 habitantes por km.², no outro extremo atópase Fornelos de Montes, con 24 habitantes por km.², exemplo dos espazos rurais que integran este territorio.

A análise dos indicadores territoriais dos concellos que conforman a Área Metropolitana de Vigo, falan da diversidade existente neste espazo xeográfico.

Os concellos máis poboados son os que se sitúan na franxa litoral, onde se concentran as principais actividades económicas, xunto cos concellos de Porriño e Mos, onde se localizan a maioría das industrias da área. Estes concellos máis poboados son ademais, importantes espazos residenciais. No Norte e Sur interior da área, atópanse os concellos menos poboados: Soutomaior, Fornelos de Montes, e Pazos de Borbén, no

Norte e, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño no Sur.

A densidade demográfica segue polo tanto este patrón, ademais da alta densidade de Vigo xa sinalada, posúen densidades altas os concellos de Cangas, 652 habitantes por km.², Moaña con 524 habitantes por km.², ou Redondela, 573,19 habitantes por km.². No outro extremo está Fornelos de Montes, cunha densidade de 24 habitantes por km.² e Pazos de Borbén, con 63 habitantes por km.²

POBOACIÓN DA AMV

Poboación segundo sexo

POBOACIÓN DOS CONCELLOS E TOTAL METROPOLITANO SEGUNDO SEXO.
ANO 2005

Concello	Total Poboación	Mulleres	Homes
Baiona	11.521	5.818	5.703
Cangas	24.849	12.519	12.330
Fornelos de Montes	2.057	1.105	952
Gondomar	12.685	6.405	6.280
Moaña	18.415	9.456	8.959
Mos	13.996	7.159	6.837
Nigrán	17.281	8.704	8.577
Pazos de Borbén	3.160	1.676	1.484
Porriño (O)	16.576	8.571	8.005
Redondela	29.863	15.304	14.559
Salceda de Caselas	7.176	3.531	3.645
Salvaterra de Miño	8.375	4.270	4.105
Soutomaior	5.956	3.025	2.931
Vigo	293.725	153.606	140.119
AMV	465.635	241.149	224.486


Fonte: INE

Segundo os datos do último Padrón Municipal de Habitantes publicado polo INE, correspondentes a xaneiro de 2005, a poboación da AMV acércase ao medio millón de habitantes. Das 465.635 persoas empadroadas, 241.149 son mulleres, representando o 51,79%, e 224.486 son homes (48,21%). Ao analizar cada un dos concellos individualmente, vese que a distribución entre homes e mulleres é similar á do conxunto da área, coa excepción de Salceda de Caselas, onde dunha poboación de 7.176 persoas, 3.645 son homes (50,8%) 3.531 mulleres (49,8%).

Vigo contaba cunha poboación de 293.725 habitantes, superando en 263.862 persoas ao seguinte concello máis poboado, Redondela, cunha poboación de 29.863 habitantes. Cangas é o terceiro concello que se atopa por riba dos 20.000 habitantes, con 24.849. Os concellos con poboacións entre 10.000 e 20.000 habitantes, son: Moaña, Nigrán, O Porriño, Mos, Gondomar e Baiona. Por debaixo dos 10.000 efectivos poboacionais están: Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, sendo este concello o único que non supera os 3.000 habitantes.

POBOACIÓN DA AMV

Porcentaxe de representación da poboación dos concellos na AMV



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Os 7 concellos situados no litoral da área metropolitana de Vigo, concentran o 86,25% da poboación: Vigo, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Moaña, Cangas e Baiona. Os 7 concellos restantes, no interior, acadan o 13,25%: Salvaterra de Moaña, Salceda de Caselas, O Porriño, Pazos de Borbén, Mos, Gondomar e Fornelos de Montes.


O concello de Vigo supón o 63,08% da poboación da AMV. A unha distancia de máis de 56 puntos, segue o concello de Redondela, cun peso poboacional no conxunto da área do 6,41%. Cangas, en terceiro lugar, posúe unha porcentaxe do 5,34%. Os concellos con pesos que superan o 3% son Moaña, Nigrán, Porriño e Mos, correspondéndolle os valores de 3,95%, 3,71% e 3,56%, e 3,01%, respectivamente.

Entre o 2% e o 3% sitúanse os concellos de Gondomar e Baiona, cunhas porcentaxes de poboación do 2,72% e 2,47%, respectivamente.

Xa con pesos poboacionais inferiores ao 2% no conxunto metropolitano están os concellos que posúen características máis rurais, situados xeograficamente no interior da área, a excepción do concello de Soutomaior, situado no litoral da Ría de Vigo, e cun peso sobre o conxunto do 1,28%. A Salvaterra de Miño correspóndelle unha porcentaxe do 1,80% e do 1,54% a Salceda de Caselas. Por último, os dous concellos menos poboados da área, Pazos de Borbén, representando o 0,68% e Fornelos de Montes, 0,44%.

POBOACIÓN DA AMV

Variación da poboación dos concellos da AMV



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A Variación da poboación é a relación entre a poboación total dun territorio comparada temporalmente en dous momentos diferentes

A área metropolitana creceu en poboación entre os anos 2004 e 2005. Só tres dos concellos da área, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Mos, perden poboación. O concello de Salceda de Caselas experimenta o maior crecemento poboacional, acadando unha taxa de crecemento de case o 5%.

A AMV tivo un aumento de poboación absoluta, entre os anos 2004 e 2005 de 3.824 persoas, repartíndose segundo sexo en 1.956 homes e 1.868 mulleres. En termos relativos este aumento foi do 0,83%. Lixeiramente maior no caso dos homes do 0,88% que no das mulleres, que foi de 0,78%.


En canto aos concellos, tres dos catorce que integran a área, perderon poboación. Fornelos de Montes, tivo un descenso absoluto de 35 persoas, o que supón unha variación relativa do -1,67%. Mos perdeu 218 efectivos, -1,53%. E Pazos de Borbén, que rexistrou un descenso dunha persoa, decreceu no -0,03% entre ditos anos.

Os concellos que experimentaron maior crecemento foron os de Salceda de Caselas, cun aumento absoluto e 341 persoas, e relativo do 4,99%; Gondomar, que creceu en 564 persoas, o que supón unha porcentaxe de variación do 4,65%; Salvaterra de Miño, cun aumento de 356 persoas, sendo a porcentaxe do 4,44%. Tamén Soutomaior tamén tivo unha variación positiva significativa, do 3,03% (175 persoas).

O concello de Vigo, sitúase entre os que tiveron un crecemento máis moderado no conxunto da área, cun valor do 0,57%, que en termos absolutos foi de 1.666 persoas. Superando unicamente a Redondela, O Porriño e Moaña.

ESTRUTURA DA POBOACIÓN DA AMV

Distribución da poboación española e estranxeira segundo sexo e grandes grupos de idade



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A poboación da AMV distribúese segundo grandes grupos de idade, do seguinte xeito: nun 13,89% para a poboación menor de 16 anos, o 70,20% corresponde ás persoas que teñen entre 16 e 64 anos de idade, e o 15,92% para maiores de 64 anos.

A poboación con nacionalidade española distribúese de xeito similar, nas seguintes porcentaxes, 13,88% os menores de 16 anos, 69,83% a poboación entre 16 a 64 anos, e 16,30% a maior de 64 anos.

A poboación estranxeira diferénciase por ser máis nova, xa que tanto o grupo de poboación de menos de 16 anos como o de

16 a 64 anos de idade, representan porcentaxes de poboación maiores que a poboación española, 14,13% e 80,99%. Mentres que só un 4,88% da poboación estranxeira ten máis de 64 anos de idade.

En relación ao sexo, a poboación con nacionalidade estranxeira suma máis homes que mulleres, 7.855 e 7.629, respectivamente, ao contrario do que acontece coa poboación con nacionalidade española, que conta con 233.520 mulleres e 216.631 homes, polo que se pode dicir que a poboación estranxeira da AMV é maioritariamente poboación masculina e potencialmente activa.

Poboación da AMV segundo grandes grupos de idade, sexo e nacionalidade, española ou estranxeira.


Ano 2005

Grupo de idade	Total Poboación		Mulleres		Homes	
	Española	Estranxeira	Española	Estranxeira	Española	Estranxeira
Menos de 16 anos	62.474	2.188	30.184	1.074	32.290	1.114
De 16 a 64 anos	314.324	12.540	159.055	6160	155.269	6.380
Máis de 64 anos	73.353	756	44.281	395	29.075	361
Total	450.151	15.484	233.520	7.629	216.631	7.855

Fonte: INE

ESTRUTURA DA POBOACIÓN DA AMV

Pirámide de poboación da AMV



A pirámide de poboación da Área Metropolitana de Vigo reflexa, como tamén o fan de xeito xeral, as pirámides correspondentes aos concellos que a integran, o descenso na natalidade, a través do estreitamento na súa base, e o avellentamento progresivo da poboación, polo aumento no peso dos grupos de máis idade.

Os grupos de poboación máis numerosos son os de idades comprendidas entre os 25 e 29 anos, 30-34 anos e 35-39 anos, tanto entre os homes, cuns pesos de 9,53%, 9,10% e 8,53%, respectivamente, e nas mulleres, 8,80%, 8,39% e 7,94%.

Os homes son maioría ata o grupo de idade de 45-49 anos, a partir desa punto a maioría da poboación é feminina, chegando a dobrar a poboación masculina nalgúns grupos, como no de 85 e máis anos, no que ás mulleres lles corresponden un peso de 2,55%, fronte ao 0,99% dos homes.


Distribución da poboación da área segundo grupos de idade e sexo. Ano 2005

Grupos de idade	Total Poboación	Mulleres	Homes
0-4	19.595	10.229	9.366
5-9	18.651	9.660	8.991
10-14	21.608	11.089	10.519
15-19	25.236	12.868	12.368
20-24	32.663	16.717	15.946
25-29	42.593	21.383	21.210
30-34	40.674	20.430	20.244
35-39	38.304	19.157	19.147
40-44	35.330	17.245	18.085
45-50	33.044	15.878	17.166
54-59	30.112	14.443	15.669
60-64	29.884	14.412	15.472
65-69	23.832	11.542	12.290
70-74	19.907	9.040	10.867
75-79	20.550	8.802	11.748
80-84	15.073	5.945	9.128
85 e máis	10.220	3.429	6.791

Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

ESTRUTURA DA POBOACIÓN DA AMV

Indicadores da estrutura da poboación da AMV



Fonte: elaboración propia apartir de datos do IGE

Índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20 anos.

Índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e poboación maior de 64 anos

Índice de recambio da poboación activa (IRPA): Relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 20 e 24 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituír aos que se van xubilando.

Aínda que algúns dos concellos máis industrializados que integran a área metropolitana son receptores de poboación moza, especialmente, en idade de traballar, (entre 16 e 64 anos de idade), o peso dos grupos de poboación de máis idade, condicionan os indicadores sobre a estrutura da poboación, como se observa na gráfica.


O índice de envellecemento, acada un valor moi alto no conxunto da área, 115,10%, de xeito que no ano 2005, por cada 100

persoas menores de 20 anos hai 115 maiores de 64 anos. O índice de sobreenvellecemento acada un valor moito máis baixo, 8,53%

A capacidade da área metropolitana para compensar a perda de poboación activa vese igualmente afectada polo envellecemento da poboación, no mesmo ano, o IRPA acada un valor do 72,96%.

ESTRUTURA DA POBOACIÓN DA AMV

Indicadores da estrutura da poboación da AMV



Fonte: elaboración propia apartir de datos do IGE

A poboación en idade de traballar no conxunto da AMV, perde peso fronte os grupos dependentes economicamente

Índice de dependencia global: relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes (<20 e >64 anos) e o grupo de poboación potencialmente activa (20-64 anos).

Índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (<20 anos) e a poboación potencialmente activa (20 a 64 anos)

Índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (>64 anos) e a poboación potencialmente activa (20 a 64 anos).

Outros indicadores referidos á estrutura da poboación son os que miden a dependencia dos grupos de poboación máis moza e a máis vella co grupo de poboación potencialmente activa.

Os índices de dependencia xuvenil, foi no ano 2005, de 31,08% no conxunto da área, de xeito que por cada 100 persoas en idades comprendidas entre os 20 e os 64 anos, había 31 por debaixo dos 20 anos.

O índice de dependencia senil, acada un valor máis alto, dado o maior peso da poboación maior, no conxunto da AMV, sendo o valor correspondente a ese ano do 35,77%

Por último, o índice de dependencia global, tivo un valor do 66,86%, polo que por cada 100 persoas entre 20 a 64 anos de idade, contábanse case 66 con idades comprendidas entre os 0 e 19 anos e máis de 64 anos.

MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

Nacementos e defuncións segundo sexo e crecemento vexetativo da AMV

Nacementos, defuncións e crecemento vexetativo da AMV.							
Ano 2.004							
Concello	Nacementos			Defuncións			Crecemento vexetativo
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
AMV	4.133	2.117	2.016	3.626	1.820	1.806	1,10

Fonte: IGE e elaboración propia

Crecemento Vexetativo ou Taxa de crecemento natural: Variación (Crecemento ou diminución) do número de persoas que compoñen unha poboación nun momento determinado, como resultado do balance entre nacementos e defuncións.

No ano 2004, contabilizáronse máis nacementos que defuncións no conxunto de concellos que conforman a Área Metropolitana de Vigo. O número de nacementos foi de 4.133, dos cales a maioría eran homes, 2.117, fronte ás mulleres, que naceron nun número de 2.016.

O número de defuncións foi de 3.626, sendo tamén superior o homes, 1.820, que de mulleres, 1.806.

O balance entre estes dous indicadores da como resultado un crecemento natural da poboación positivo, do 1,10%, a pesares de que dos 14 concellos que integran a área, 3 obtiveron un crecemento vexetativo negativo, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño, con valores


Tres concellos do interior rural da AMV posúen taxas de crecemento vexetativo negativas.

As defuncións superaron aos nacementos en Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño.

respectivos de -0,96%, -6,33% e -5,86%. Os demais concellos que posúen valores positivos son os correspondentes aos concellos de Nigrán, 2,60%, Salceda de Caselas, 2,49%, Soutomaior, 2,42% e Mos, 2,18%. Os concellos de Baiona, Cangas, O Porriño e Vigo, teñen taxas de crecemento situadas entre o 1% e o 2%, e Gondomar e Redondela, acadan valores por debaixo do 1%.

MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

Taxas brutas de natalidade e mortalidade



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A **Taxa bruta de natalidade** é o número de nacementos por cada 1.000 habitantes.

A **Taxa bruta de mortalidade** é o número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

O valor da taxa de natalidade da AMV no ano 2004, superou ao correspondente á taxa de mortalidade, 9,35‰ e 7,41‰, respectivamente.

Tendo en conta os valores acadados por cada un dos concellos, en canto á taxa bruta de natalidade o valor máis alto correspóndelle a Soutomaior, cunha taxa do 11,07 nacementos por cada mil habitantes, Salceda de Caselas séguelle cunha taxa do 10,68‰. Os demais concellos posúen taxas por debaixo dos 10 puntos, correspondéndolle a Salvaterra de Miño o valor máis baixo do conxunto, 6,48 nacementos por 1.000 habitantes. Esta taxa é moi similar á correspondente a Pazos de Borbén,

6,64‰, e á de Fornelos de Montes, 6,69‰.

En canto á mortalidade, a taxa máis alta correspóndelle a Pazos de Borbén, 12,97 defuncións por cada 1.000 habitantes. Cun valor similar atópase a taxa de Salvaterra de Miño, 12,35‰.

As taxas de mortalidade nestes dous concellos xunto coa correspondente á de Fornelos de Montes, 7,65‰, superaron ás de natalidade. As distancias máis significativas, prodúcense nos concellos de Pazos de Borbén, onde á taxa de mortalidade supera en 6,33 puntos á de natalidade, e no concellos de Salvaterra de Miño, onde a diferenza foi de 5,87 puntos favorable á taxa de mortalidade.

MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Emigración segundo destino

Emigración interna e externa na AMV. Datos absolutos e taxas.

Ano 2004

Orixe	Emigración interna			Emigración externa			Total
	Á mesma provincia	A outra provincia galega	Total	A outra CCAA	Ao estranxeiro	Total	
AMV	6621	1424	8045	3456	352	3808	11853
	82,30%	17,70%	67,87%	97,56%	9,24	32,13%	100%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A emigración interna cara a provincia de Pontevedra é a modalidade maioritaria escollida entre a poboación emigrante dos concellos que compoñen a área metropolitana.

Máis da metade da poboación emigrante da área (55,85%) dirixiuse cara algún outro concello pontevedrés

O total de persoas que emigraron na área metropolitana no ano 2.004 foi de 11.853, delas, 8.045 o fixeron internamente, un 67,87%, fronte ás 3.808 persoas que emigraron externamente, (32,13%).

A emigración interna divídese entre a poboación que o fixo cara algún concello pontevedrés, 6.621 persoas, correspondéndolle unha taxa do 82,30%, e as persoas que emigraron cara outra provincia galega, que foron un total de 1.424 persoas, o que supón una porcentaxe do 17,70%.

A emigración externa foi maioritariamente cara outra comunidade autónoma, así o fixeron un total de 3.456 persoas, que supoñen o 97,56% das persoas que emigraron externamente. O número de per-

soas que emigraron cara ao estranxeiro foi de 352 persoas representando unicamente o 9,24% da emigración externa.

A taxa de emigración resultante no ano 2004 na área metropolitana acadou un valor do 2,57%. Analizando a dinámica migratoria de cada concello, en Fornelos de Montes foi onde máis poboación emigrou, cunha taxa do 4,06% da poboación, o que supón un total de 85 persoas. Séguenlle os concellos de Nigrán e Soutomaior con taxas iguais do 3,44%, sendo en cifras absolutas de 581 e 199 persoas respectivamente. O concello de Cangas foi o que tivo unha taxa de emigración máis baixa, do 1,89%, sendo o número de persoas emigrantes de 466. Vigo, cunha taxa do 2,50%, contabilizou 7.295 persoas emigrantes.

MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Inmigración segundo procedencia

Inmigración interna e externa na AMV. Datos absolutos e taxas.
Ano 2004

Orixe	Inmigración interna			Inmigración externa			Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia galega	Total	Doutra CCAA	Do estranxeiro	Total	
AMV	5994	1635	7629	2778	3820	6598	14227
	78,57%	21,43%	53,62%	42,10%	57,90%	46,38%	100%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A inmigración externa dende o estranxeiro na Área Metropolitana, superou ás inmigracións que teñen orixe noutras provincias galegas e noutras CCAA, sendo superada unicamente pola inmigración procedente de concellos pontevedreses.

Salceda de Caselas foi o concello que tivo unha taxa de inmigración máis alta, do 8,73%, sumando un total de 577 inmigrantes.

O número de persoas inmigrantes que chegaron á Área Metropolitana no ano 2004 foi de 14.227. A distribución desta poboación inmigrante segundo a orixe é máis igualitaria que a distribución da poboación emigrante.

A porcentaxe de poboación que inmigrou á área internamente, é dicir, dende algún concello galego, foi o 53,62% (7.629 persoas), mentres que á inmigración externa correspondeulle un valor do 46,38% (6.598 persoas).

En canto á inmigración interna, a maioría da poboación que chegou á área o fixo dende algún dos concellos de Pontevedra, 78,57%, nun total de 5.994 persoas. Dende outra provincia galega chegaron un total de 1.635 persoas, o que supón unha porcenta-


xe do (21,43%).

En canto á inmigración externa, a porcentaxe de poboación que chegou á área dende o estranxeiro supera á que o fixo dende outra comunidade autónoma, 57,90% (3.820 persoas) e 42,10% (2.778 persoas), respectivamente

A taxa de inmigración para o conxunto da área foi do 3,09%. Nos concellos, despois de Salceda de Caselas, a taxa máis alta é a de Soutomaior, 6,32%, seguida de Nigrán, 4,62% e Baiona, 4,46%. Os concellos coas taxas de inmigración máis baixas son Moaña, 2,04% e Fornelos de Montes, 2,15%.

MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Saldo migratorio da AMV e concellos



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O **saldo migratorio** é, para cada ámbito territorial, a diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan as saídas e, o contrario, se é negativo.

As inmigracións superaron ás emigracións no conxunto da Área Metropolitana no ano 2004, obtendo un saldo migratorio do 5,14%.

O concello con saldo migratorio positivo máis lato foi Salceda de Caselas, 62,77%. A unha distancia de 30,34 puntos sitúase o concello de Gondomar, que obtén un saldo do 32,34%. EN terceiro lugar atópase o concello de Soutomaior, cun saldo do 28,71%.

A Baiona, Nigrán e Salvaterra de Miño correspóndenlle respectivamente os seguintes valores, 14,91%, 11,20% e 11,10%.

Os restantes saldos migratorios positivos son para os concellos de Mos, 5,07%, Pazos de Borbén, 3,16% , Porriño, 2,66%, Redondela, 1,24%, Vigo, 1,93%.

Os concellos onde ás emigracións superaron ás inmigracións, obtendo saldos migratorios negativos, foron, Fornelos de montes, cunha taxa do -19,12% e Moaña, cun valor do -1,90%.

EDUCACIÓN

Poboación de 16 e máis anos segundo o seu nivel de estudos

Poboación de 16 anos e máis en vivendas familiares segundo o sexo e o nivel de estudos. Cifras absolutas e taxas. Ano 2001

Nivel de estudos	Total	%T	Homes	%H	Mulleres	%M
Non sabe ler nin escribir	6.023	1,59	1.339	22,23	4.684	77,77
Menos de 5 anos de escolarización	42.235	11,15	16.049	38,00	26.186	62,00
Sen complementar bacharelato elemental, ESO ou EXB	97.854	25,84	45.346	46,34	52.508	53,66
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completado	102.954	27,18	53.400	51,87	49.554	48,13
Bacharelato superior, BUP/LOGXE, COU/PREU	47.326	12,50	23.637	49,95	23.689	50,05
FP I, FP Grao Medio, Oficialía Industrial	16.959	4,48	8.621	50,83	8.338	49,17
FPII, FP grao superior, Mestría Industrial	19.735	5,21	10.584	53,63	9.151	46,37
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	22.430	5,92	8.926	39,79	13.504	60,21
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	21.805	5,76	10.745	49,28	11.060	50,72
Doutoramento	1.423	0,38	871	61,21	552	38,79

Fonte: INE

O nivel de estudos de bacharelato elemental completado é no que se concentra a maioría da poboación da Área Metropolitana, segundo datos do ano 2001 do INE, cunha porcentaxe do 27,18%. O seguinte nivel de estudos é o de Bacharelato elemental sen completar, onde se concentran un 25,84% da poboación, si ademais temos en conta a poboación que ten menos de 5 anos de escolarización (11,15%), e a analfabeta (1,59%), a poboación que non acadou ningún nivel de estudos dos incluídos, representa un 38,58% da poboación total da área.


A poboación con estudos de formación profesional representa o 16,98%. A poboación

con estudos universitarios é case o 12%, repartíndose entre un 5,92% nos niveis de diplomatura e do 5,76% nos de licenciatura. No nivel de doutoramento, só se sitúa un 0,38% da poboación da área.

Tendo en conta o sexo, as mulleres son maioría nos niveis educativos máis baixos, 57,06% das mulleres non posúen ningún nivel educativo, fronte ao 42,94% dos homes. Nos niveis medios as porcentaxes repártense de forma igualitaria entre homes e mulleres. Destacar que nos niveis universitarios son maiorías ás mulleres, agás no de doutoramento (homes 61,21% e mulleres 38,79%)

EDUCACIÓN

Taxas de analfabetismo da poboación nacional e estranxeira



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O analfabetismo na área metropolitana é maioritario entre as mulleres e a poboación con nacionalidade estranxeira

A taxa de analfabetismo é a porcentaxe de poboación de 16 e máis anos que non sabe ler nin escribir sobre o total da poboación de 16 e máis anos.

A porcentaxe de poboación con nacionalidade española que non sabe ler nin escribir era no ano 2001, segundo datos do INE do 1,59%, no conxunto da área.

Se temos en conta o sexo da poboación analfabeta, as mulleres triplican aos homes, 2,35% e 0,75%, respectivamente. En canto á poboación con nacionalidade estranxeira, o total representa o 2,29%. Neste caso ás mulleres tamén teñen unha taxa superior que a dos homes, aínda que a diferenza non é tan significativa como no caso da poboación con nacionalidade española. Así, as mulleres con nacionalidade estranxeira nun nivel de

analfabetismo son o 2,29% do total de mulleres, mentres que os homes representan o 2,21%.

Nos concellos da área, as taxas de analfabetismo máis altas con respecto á poboación de nacionalidade española están en Salvaterra de Miño e Pazos de Borbén (6,10% e 4,89%, respectivamente). A máis baixa posúea Vigo, cunha porcentaxe do 0,99%. O concello cunha taxa de analfabetismo maior entre a poboación estranxeira pertenza a Porriño, 6,14%. Destacar que en 5 dos 14 concellos da área non se rexistran casos de poboación con nacionalidade estranxeira analfabeta.

EDUCACIÓN

Poboación de 16 anos e máis segundo o tipo de estudos

POBOACION DE 16 E MÁIS ANOS DE IDADE SEGUNDO O TIPO DE ESTUDO
NA AMV. ANO 2001

Tipo de estudio	% Total	% H	% M
Dereito	4,41	48,94	51,06
Maxisterio, Educación Infantil	9,54	23,82	76,18
Ciencias Sociais	24,25	36,89	63,11
Artes e Humanidades	6,86	35,47	64,53
Informática	3,70	58,08	41,92
Enxeñerías	5,55	81,59	18,41
Formación Técnica e Industrias	18,67	84,85	15,15
Ciencias	4,99	45,27	54,73
Arquitectura e Construción	1,64	67,88	32,12
Agricultura, Gandería, Pesca e Veterinaria	1,07	73,53	26,47
Saúde, Servizos	12,42	25,30	74,70
Outros Servizos	6,90	38,23	61,77

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Os estudos agrupado nos tipo das Ciencias Sociais son os maioritarios entre da poboación da Área Metropolitana, representando o 24,25%. Séguelle a Formación Técnica e Industrias, cunha porcentaxe do 18,67%. Os estudos de Saúde e Servizos están representados por un 12,42% da poboación. En canto aos estudos minoritarios da poboación da área, atópanse os de Agricultura, Gandería e Pesca, cunha porcentaxe do 1,07%, e os de Arquitectura e Construción, representados polo 1,64% da poboación.


Tendo en conta o sexo, existe unha clara distinción entre os estudos técnicos, que teñen que ver con actividades relaciona-

A área metropolitana caracterízase pola feminización dos estudos que capacitan para actividades encadradas no sector servizos. Os homes son maioría nos estudos técnicos e industrias

das coa industria, e nos que son maioritarios os homes, e os estudos orientados á realización de actividades de servizos á comunidade, representados por mulleres. Así, no tipo de Maxisterio e Educación Infantil, ás mulleres representan o 76,18%, fronte ao 23,82%, mentres que no tipo Formación Técnica e Industrias a porcentaxe de homes é do 84,85% e o das mulleres de 15,15%.

EDUCACIÓN

Lugar de estudo da poboación



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A maioría da poboación estudante non ocupada maior de 16 anos é feminina. Este grupo de poboación é o que experimenta unha maior mobilidade xeográfica á hora de escoller o seu lugar de estudo.


A poboación non ocupada, maior de 16 anos e estudante na Área Metropolitana é de 42.112 persoas, delas 23.280 son mulleres e 18.887 son homes. A maioría desta poboación estuda no seu concello, nunha porcentaxe do 65,18%, 27.451 persoas, 12.712 homes e 14.739 mulleres. O seguinte lugar de estudo maioritario deste grupo de poboación é o de outro concello da provincia de Pontevedra, a moita distancia do primeiro, xa que representa ao 17,41% da poboación. En termos absolutos son 7.333 persoas, e novamente son maioría as mulleres, 4.129, con respecto aos homes, 3.204. A poboación que estuda noutra das provincias galegas no conxunto de concellos representa o 11,11% da poboación metro-

politana. Suman 4,679 persoas, 2.818 mulleres e 1.861 homes.

Xa con porcentaxes por debaixo do 3%, atópase o grupo de poboación que estuda noutra comunidade autónoma, 2,86%. Nel tamén son maioría as mulleres, 657 fronte aos 547 homes. Do mesmo xeito acontece coa poboación que escolle o seu domicilio como lugar de estudo, que representa un 2,47% da poboación, distribuíndose segundo sexo en 656 mulleres e 385 homes. No estranxeiro estuda unha porcentaxe do 0,81% da poboación, que son 197 mulleres e 144 homes. As persoas que estudan en varios concellos son o 0,16% (34 homes e 34 mulleres).

EDUCACIÓN

Ensinanza non universitaria



Algo máis da metade do alumnado nas etapas educativas obrigatorias matricúlase en centros públicos no conxunto da Área Metropolitana.

Pola contra, a maioría do alumnado de Educación especial acude a centros privados.

Segundo datos publicados polo IGE para o curso académico 2003-2004, o número de persoas matriculadas en ensinanzas non universitarias na Área Metropolitana era de 76.331, delas, o 58,67% o facía en centros públicos, mentres que o 41,33% en centros privados.

Nas primeiras etapas educativas, a maioría do alumando estuda en centros públicos, en proporcións similares á do conxunto da poboación (EI, EP e ESO). No caso das ensinanzas postobligatorias e na Educación de adultos, unha maioría máis significativa da poboación matricúlase en centros públicos (62,20% e 97,75%). Por ultimo, en ensinanzas de educación especial, a maioría do alumnado pertence a centros privados (67,53%).

ALUMNADO SEGUNDO ENSINANZA E TITULARIDADE DO CENTRO. CIFRAS ABSOLUTAS. ANO 2003-2004

Ensinanza	Titularidade do centro		
	Total	Público	Privado
Educación Infantil	11180	6246	4934
Educación primaria	24537	13250	11287
Educación secundaria obligatoria	24537	13250	11287
Educación postobligatoria	19973	11045	8928
Educación de adultos	14060	9027	5033
Educación especial	271	88	183
Total AMV	76331	43214	30447

Fonte: IGE

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Actividade, ocupación e desemprego

O número de activos/as, ocupados/as e desempregados/as da AMV supón máis da metade do da provincia de Pontevedra, e practicamente un terzo do de Galicia.

No ano 2001 o número de activos da Área Metropolitana de Vigo supuñan o 50,83% dos activos totais da provincia de Pontevedra e o 17,42% dos de Galicia. Para os ocupados/as a porcentaxe foi do 50,35% dos ocupados/as de Pontevedra e o 17,08% dos de Galicia. E para os desempregados/as a porcentaxe acadou o 55,28%, con respecto a Pontevedra, e o 19,76%, no que atinxe ao total de desempregados de Galicia.

No que se refire ás taxas, as da AMV están por riba das de Pontevedra e Galicia, destacando sobre todo a de actividade, que se situou no 54,38%, é dicir, 1,69 puntos porcentuais maior que a de Pontevedra e 3,7 puntos maior que a de Galicia.

Pola parte das mulleres e dos homes da AMV, as porcentaxes son moi parellas ás globais pero coa particularidade de que as porcentaxes para o sexo feminino son superiores que para o masculino (agás na comparación das cifras de actividade con Galicia), o que implica unha maior representatividade deste sector da poboación.

As taxas da AMV por sexo, tamén se atopan por riba das de Pontevedra e Galicia.


COMPARACIÓN DAS TAXAS E DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DA AMV COAS DE PONTEVEDRA E GALICIA, ANO 2001

		Taxas AMV	Taxas Pontevedra	Taxas Galicia	AMV/ Pontevedra	AMV/ Galicia
Actividade	Total	54,38%	52,69%	50,68%	50,83%	17,42%
	Homes	66,67%	65,44%	62,07%	50,10%	17,37%
	Mulleres	43,29%	41,15%	40,33%	51,88%	17,48%
Ocupación	Total	46,66%	45,65%	44,34%	50,35%	17,08%
	Homes	59,58%	58,99%	55,90%	49,67%	17,24%
	Mulleres	35,01%	33,89%	33,84%	50,94%	16,85%
Desemprego	Total	14,19%	13,05%	12,51%	55,28%	19,76%
	Homes	10,63%	9,86%	9,94%	54,03%	18,58%
	Mulleres	19,14%	17,64%	16,09%	56,29%	20,78%

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas do 2001

PARO REXISTRADO

Evolución da cifra de paro rexistrado



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

Durante o ano 2005 o paro aumentou un 12,27%.

Os cambios producidos pola introdución do SISPE trouxeron consigo un incremento da cifra de paro rexistrado que durante o ano foi dun 12,27%.

Paro rexistrado: total de demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta, excluindo aquelas demandas nas situacións descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985.


En xaneiro do 2005 a cifra de paro rexistrado da AMV estaba lixeiramente por baixo da do 2004, pero a medida que foi transcorrendo o ano, os cambios producidos pola introdución do SISPE fixeron que as cifras de paro foran claramente superiores ás do ano anterior, rematando en decembro un 17,19% por riba.

Ademais, na evolución rexistrada durante os dous anos, tamén se aprecian diferenzas. Así, mentres que no ano 2004, o paro rexistrou unha fase descendente de xaneiro a xullo e outra ascendente de agos-

to a decembro, no 2005, aprécianse catro fases, claramente marcadas polo reponte do mes de maio, que foi cando se produciu a introdución do SISPE. Antes desta data as cifras de paro estaban descendendo, e posteriormente, de xuño a xullo tamén se produciu unha caída do paro. Finalmente de agosto a setembro as cifras non deixaron de medrar ata acadar as 35.039 persoas paradas.

PARO REXISTRADO

Comparación da evolución do paro da AMV con Pontevedra e Galicia



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O crecemento do paro foi menor na AMV que na Provincia de Pontevedra e en Galicia.

Durante o ano 2005 o crecemento do paro na AMV foi do 13,08%, mentres que en Pontevedra e en Galicia foi do 15,48% e do 13,2%, respectivamente.

Comparación da evolución do paro: para realizar esta comparación tomouse como base o mes de xullo do 2005. Deste xeito a gráfica o que representa é a porcentaxe de variación con respecto ao devandito mes.

As cifras de paro tiveron un peor comportamento na AMV durante a maior parte do ano, agás para o mes de decembro no que o crecemento do paro rexistrado con respecto ao mes precedente foi do 1,26%, mentres que en Pontevedra era do 4,02% e en Galicia do 3,38%.

En canto á influencia do SISPE na variación dos datos, hai que dicir que esta foi maior no territorio da AMV, posto que o crecemento experimentado no paro do mes de abril ao de maio foi do 16,24%, mentres


que en Pontevedra foi do 16,17% e en Galicia do 14,08%.

Outro feito a salientar na evolución do paro, é o de que o descenso nos meses do verán é menor para a AMV que para Pontevedra e Galicia, onde se nota unha maior influencia da estacionalidade no emprego.

PARO REXISTRADO

Distribución do paro por sexo e idade

Distribución do paro por sexo e idade na AMV
Decembro 2005



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 57,57% das persoas paradas da área son mulleres de 25 e máis anos de idade.

En decembro do 2005 as mulleres de 25 e máis anos eran maioría dentro do colectivo de desempregados. Esta porcentaxe estivo aumentando durante o período, pasando de representar o 53,90%, ao inicio do período, ata o 57,57% do mes de decembro.

A **distribución do paro por sexo e idade** ensina a porcentaxe que sobre o total representa a cifra de paro para os homes ou mulleres, diferenciando entre os menores de 25 anos e os de 25 e máis anos. Cada un destes estratos poboacionais conforma un grupo homoxéneo en si e cun comportamento diferenciado.

Durante o ano 2005, as mulleres maiores de 25 anos representaron, como media, o 57,03% da poboación parada da AMV, moi por riba da de calquera dos outros colectivos analizados e representando case o dobre dos homes parados dese rango de idades.

Agora ben, esta porcentaxe tivo unha grande variabilidade durante o ano 2005,


pasando de representar o 53,90% en xaneiro, ao 57,57% do mes de decembro, e acadando un máximo do 59,29% no mes de xullo.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo

As diferenzas nas cifras de paro rexistrado entre sexos estiveronse agrandando durante o ano 2005.

Durante o ano 2005 o número de mulleres paradas incrementouse un 18,06%, fronte a un 5,20% dos homes parados, o que trouxo consigo que ao final do 2005 a cifra de mulleres paradas fose un 77,54% maior que a dos homes, fronte ao 58,20% do mes de xaneiro.



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

Durante todo o ano 2005 a cifra de paro feminino estivo claramente por riba da masculina e ademais tivo un peor comportamento, posto que o seu crecemento ao final do período foi do 18,06%, fronte ao 5,20% experimentado pola cifra de paro masculina.


Ademais a introdución do SISPE tivo unha maior incidencia nas mulleres que nos homes. Así o crecemento do paro do mes de maio con respecto ao de abril foi do 21,09% para as mulleres paradas, fronte a un 8,33% para os homes.

En canto á evolución das cifras de paro rexistrado, hai que dicir que tanto para as mulleres como para os homes, pódense distinguir tres fases. Na primeira, de xaneiro a abril, o paro segue unha tendencia descendente. En maio hai un reponte do número de parados, debido á introdución do SISPE, pero posteriormente volve a baixar ata o mes de agosto. Por último, de setembro a decembro o paro non deixa de medrar.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo e idade

Evolución do paro por sexo na AMV, menores 25 anos



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O colectivo de parados/as menores de 25 anos experimentou un re-troceso ao longo do ano 2005.

Durante o ano 2005 o colectivo de parados/as menores de 25 anos baixou nun 2,58%.


A nivel de sexos, foron os homes os que tiveron unha maior diminución (3,95% fronte a 1,71%).

O colectivo de mulleres paradas maiores de 25 anos creceu un 20,76% no ano 2005.

Ao longo do ano o colectivo de mulleres paradas de 25 e máis anos medrou máis que o dos homes do mesmo grupo de idade (20,76% fronte a un 7,05%).

Isto fixo que se incrementasen as diferenzas entre o número de paradas e o de parados, sendo a finais de ano o número de mulleres un 90,20 % maior que o dos homes.

Evolución do paro por sexo na AMV, 25 e máis anos




Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

PARO REXISTRADO

Distribución porcentual do paro por sector económico

Distribución porcentual do paro por sectores económicos na AMV
Decembro 2005



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 55,84% dos parados/as da AMV proveñen do sector servizos.

O sector servizos foi, en decembro do 2005, o que aportou un maior número de parados/as, posto que máis da metade dos desempregados/as da área proveñen deste sector.

Para analizar a distribución do **paro rexistrado por sectores económicos** tívose en conta as cifras do mes de decembro de 2005, diferenciando os parados/as que proveñen da agricultura/gandería, da industria, da construción, dos servizos e os que non tiveron un emprego anterior.

O sector servizos foi o que aportou un maior número de parados/as en decembro de 2005, chegando a acadar os 19.567 e supondo o 55,84% do total de parados/as.

Por detrás del estaba o sector industrial, que acadaba os 6.947 parados/as e representaba o 19,83% da cifra global de paro rexistrado.


As persoas sen emprego anterior conformaban o terceiro grupo en importancia, con 4.840 desempregados/as e o 13,81%.

Os/as parados/as que proviñan das actividades da construción son o seguinte grupo en importancia, supondo 2.637 persoas e o 7,53%.

Por último, o sector agrogandeiro aporta o 2,99% dos desempregados/as o que comporta unha cifra de 1.048 persoas desempregadas.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sector económico



O maior crecemento do período experimentárono as persoas desocupadas que proveñen da industria, cun 17,69%, seguido das que proveñen dos servizos(15,43%) e as da agricultura e gandería (14,04%).

PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES E SECTOR ECONÓMICO CON RESPECTO Á DO MESMO MES E SECTOR DO ANO ANTERIOR

Período	Agricultura/gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Xan 04/Xan 05	-0,72%	11,12%	-8,32%	3,97%	2,10%
Feb 04/Feb 05	-0,51%	13,02%	-6,74%	9,05%	0,88%
Mar 04/Mar 05	-0,65%	12,80%	-5,38%	11,64%	-0,18%
Abr 04/Abr 05	0,67%	14,78%	-2,86%	9,31%	1,35%
Mai 04/Mai 05	22,48%	24,80%	16,54%	24,58%	26,52%
Xuñ 04/Xuñ 05	18,32%	24,19%	15,65%	11,37%	22,11%
Xul 05/Xul 04	24,19%	17,96%	12,64%	26,04%	14,48%
Ago 05/Ago 04	23,09%	16,57%	6,89%	24,88%	13,36%
